

PLAN DE BIBLIOTECA

CRA de Meis

2024

1. FUNDAMENTACIÓN

Bases normativas

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 113 establece que os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no seu uso crítico, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación se fará de forma progresiva.

O Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 15.4 refire que “sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria, poderase favorecer unha aproximación á lectura e á escritura”.

O artigo 29 dese mesmo Decreto de infantil promulga que “os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover unha primeira aproximación á lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das actuacións destinadas ao fomento da aproximación á lectura e á escritura, e das habilidades no uso, no tratamento e na produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave”.

Tamén no *Decreto 150/2022, de 8 de setembro, de infantil*, área de Comunicación e representación da realidade, estabécese que “esta é a etapa da literatura oral por

excelencia. A creación na aula dun espazo cálido e acoledor onde situar a biblioteca favorecerá tamén o achegamento natural á literatura, para construír significados, espertar a súa imaxinación e fantasía, achegalos a realidades culturais propias e alleas e presentarlles outros mundos. Así mesmo, debemos favorecer que o alumnado de infantil coñeza e utilice a biblioteca do centro e que descubra as posibilidades que ofrece para achegarse non só ao mundo literario, senón tamén a ámbitos como o maker, a radio ou outros.

A resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios de Galicia di que a biblioteca concibirase como o espazo mediador das lecturas do centro polo que será o “núcleo” da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa; con este fin poderá deseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura que teñan en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.

Así mesmo, recolle a citada resolución que a biblioteca xoga un papel moi importante para o logro dos ODS da Axenda 2030 ao proporcionar servizos e programas que dan resposta ás necesidades informativas das persoas que integran a comunidade educativa, así como formar ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir.

A biblioteca que queremos

- ✓ A biblioteca é un espazo no que “lemos”, xogamos, nos informamos, creamos e

aprendemos.

- ✓ A biblioteca debe deseñar e desenvolver actividades que favorezan máis e mellores experiencias lectoras (ou de achegamento á lectura), tanto dentro como fóra da propia biblioteca, procurando a participación de toda a comunidade escolar.
- ✓ É o centro de recursos da información, o servidor central do colexio.
- ✓ É accesible a toda a poboación, unha biblioteca de proximidade.
- ✓ É a encargada de rexistrar e catalogar todos os fondos documentais do centro, con criterios estandarizados para permitir unha ordenación eficiente nos diferentes espazos, e unha rápida localización.
- ✓ É a encargada de manter os documentos accesibles directamente para poder ser consultados ou solicitados en préstamo sen dificultade.
- ✓ A biblioteca escolar serve ao Proxecto Educativo e Funcional de Centro, poñendo a disposición da comunidade educativa os seus recursos, apoiando todos os proxectos que esta leve a cabo e atendendo ao desenvolvemento do currículo e á adquisición das competencias clave. Ademais propicia o emprego dos seus recursos e servizos no desenvolvemento das prácticas cotiás, como as aprendizaxes por proxectos, e con apoio preferente ás metodoloxías activas e colaborativas.
- ✓ Entendemos biblioteca como un “laboratorio creativo de aprendizaxes” aberto a toda a comunidade educativa. Alumnado, profesorado e familias poden atoparse para pensar, deseñar, facer, construír e aprender xuntas, na liña dos makerspaces ou dos laboratorios de ideas. Aquí caben todo tipo de linguaxes (oral, escrita, icónica, audiovisual, artística...) que posibilitan ao alumnado múltiples oportunidades de aprendizaxe, de expresión e de creación.
- ✓ A biblioteca escolar é unha fiestra ao exterior que integra as tecnoloxías da información e a comunicación, de xeito que accedemos aos recursos presentes

(materiais impresos, audiovisuais e multimedia) e tamén aos que se atopan en liña (bibliotecas virtuais, páxinas web, redes sociais...).

- ✓ A biblioteca escolar debe difundir e promocionar os seus recursos, servizos e actividades entre toda a comunidade escolar, xa sexa mediante publicacións en papel ou a través da páxina web e redes sociais.
- ✓ Unha das funcións da biblioteca escolar é procurar a implicación das familias na educación lectora dos seus fillos e fillas. Pódese facer de moi diversas formas: mochilas viaxeiras, xornadas de portas abertas, sección de pais e nais con fondos específicos, obradoiros para familias, lecturas compartidas, club de lectura mixto ou de adultos (pais, nais e profesorado), colaboracións puntuais ou sistemáticas (a través dunha comisión de apoio á biblioteca escolar), distribución de materiais específicos para os pais e nais en relación coa lectura (guías de biblioteca, recomendacións de lectura, guías de lectura, recomendacións para o aproveitamento dos recursos culturais da zona...).
- ✓ A biblioteca escolar atende as demandas de cada un dos niveis, materias e sectores da comunidade educativa, facilitándolles a súa formación e dotándoos dos recursos que necesitan.
- ✓ A biblioteca escolar compensa as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e das familias, ao pór á súa disposición materiais actualizados e de calidade, completando nese caso as bibliotecas familiares.
- ✓ A biblioteca escolar atende á diversidade do alumnado, aportándolle a cada un deles os materiais que precisan de acordo coas súas necesidades, intereses, competencias, procedencia...
- ✓ En canto a espazos, a biblioteca escolar debe gozar de espazos accesibles, practicables (que faciliten a circulación), diversos (lectura informal, traballo individual e en grupo, recuncho audiovisual, espazo creativo, multisensorial e

manipulativo, espazo “de acougo” libre de estímulos...), con mobiliario adecuado e con equipamento adaptado.

- ✓ Na liña de “biblioteca inclusiva”, a colección debe contar con textos adaptados (letra grande, pictogramas, audiolibros...), recursos en diferentes soportes e formatos, xogos e material manipulativo, material multisensorial...
- ✓ A biblioteca escolar debe ofertar actividades significativas e adaptadas para todo o alumnado do centro (tendo moi en conta ao ANEAE), e proporcionar ferramentas facilitadoras para o acceso á información. Ademais, debe cumprir unha función normalizadora, visibilizadora, sensibilizadora, respectuosa e de trato igualitario, de apoio e comunicación adaptada, coñecedora das diferentes necesidades.
- ✓ A biblioteca escolar é unha oportunidade para exercer as competencias intelectuais e emocionais, para convivir e construír cidadanía.

Evolución da nosa biblioteca no período 2014-2024

Dende o curso 2015-2016 a biblioteca foi mellorando e experimentando cambios moi importantes a todos os niveis: tanto nos apartados de instalacións, equipamento, fondos, recursos humanos... como nos aspectos de incidencia no currículo e no proceso de ensino-aprendizaxe, coordinando os diferentes proxectos de centro, ofertando actividades, propiciando a participación de toda a comunidade escolar...

Antes do 2015 non tiñamos biblioteca como tal, senón un pequeno espazo de 5 metros cadrados na Sede, a modo de almacén de libros. Foi nese ano cando empezou a funcionar a nova biblioteca nun corredor exterior que se pechou na escola de San Tomé. Sen ser o espazo ideal, estreito e con pouca luz natural, os 30 metros cadrados permitíronos organizar os fondos cunha mellor accesibilidade, dispoñer dunha zona de mesas para os nenos e nenas, outra para que o profesorado puidese realizar a xestión

dos fondos, e outra zona de sofás e consulta para familias-adultos, así como unha parede de cortiza para exposición de traballos, e outra parede con pizarra dixital e canón proxector.

No curso 2016-2017 entramos no Plambe, o que nos permitiu mellorar no aspecto do equipamento, e tamén na ampliación dos fondos documentais. Ademais, a biblioteca empezou a abrir polas tardes.

No curso 2017-2018 fomos seleccionados como un dos centros pioneiros de “Radio na biblio”. Isto permitiu arranxar un espazo na escola de Paradela para albergar o estudo de radio, así como mercar o equipamento técnico preciso. Grazas de novo ao Plambe, nesta mesma escola de Paradela acondicionouse unha aula multiusos como “laboratorio creativo de aprendizaxes”, onde vimos desenvolvendo un dos proxectos máis relevantes da biblioteca para o alumnado de 6º de infantil: Xuntanzas. Tamén déuselle maior relevancia ao PDI anual proposto pola biblioteca, no que toman parte todas as titorías, especialidades e Xuntanzas. A biblioteca proporciona información, fondos documentais e recursos para o PDI.

A partir do curso 2018-2019 demos un paso adiante no aspecto da catalogación e etiquetado dos fondos, así como na promoción e difusión de actividades e recursos da biblioteca nas redes sociais.

No curso 2021-2022 entramos a formar parte do programa Lectura e familias, auspiciado pola Consellería de Educación, que ten como obxectivo a participación de toda a comunidade escolar, especialmente as familias, en actividades que teñen que ver coa lectura e o desenvolvemento das competencias de aproximación á lectura do noso alumnado.

Nestes últimos anos a colección aumentou considerablemente, grazas aos programas Plambe e Biblioteca Inclusiva. Isto supuxo que volvíamos ter problemas de espazo para albergar todos os fondos de xeito accesible para o alumnado de infantil. Ao mesmo

tempo, a biblioteca quedábasenos pequena á hora de celebrar determinadas actividades. Coincidindo co proxecto de posta en marcha do comedor escolar, no curso 2023-24 decidiuse trasladar a biblioteca para a escola de Paradela, deixando o espazo que ocupaba aquela para o citado comedor. Neste novo lugar, amplo e luminoso, temos máis espazo para os fondos, para zona de traballo en mesa, para o croma e focos, recuncho de disfraces para teatro, zona de construcións, pequeno laboratorio, e o estudo de radio nunha aula anexa.

No albor do curso 2024-25 ampliouse a biblioteca pechando os soportais traseiros da escola de Paradela. Todas estas melloras permítenos seguir avanzando cara unha biblioteca inclusiva, gañando en accesibilidade, propiciando a celebración de actividades de fomento da lectura, e como vimos traballando dende hai máis de dez anos, organizando a biblioteca como unha aula creativa de aprendizaxes, centralizando nela recursos non só para a lectura, senón tamén para ámbitos como o maker, a ciencia, a arte, a radio, o teatro ou o audiovisual que tan boas experiencias permitiron ao noso alumnado en todos estes anos. Neste sentido, a principios do curso 2024-25 fíxose a solicitude para entrar a formar parte doutro programa ofertado pola Consellería de Educación: Biblioteca creativa, sendo admitidos.

Por outra banda, nestes cursos apostamos por incrementar notablemente a colección no apartado de libros para adultos, tanto para nais e pais (familias) como para profesores, sempre acerca de temáticas relacionadas con educación, pedagogía, psicoloxía ou desenvolvemento do neno. Isto vai en liña coas actividades de formación nas que a práctica totalidade do claustro do CRA vén participando nos últimos anos.

Identificación esquemática de logros (período 2014-2024)

- A biblioteca propón o PDI anual e coordina o mesmo, colaborando cos demais

equipos pedagóxicos.

- A biblioteca participa no deseño e/ou presta apoio a todos os proxectos de centro.
- A biblioteca desenvolve un proxecto de enorme transcendencia no CRA: Xuntanzas na biblio (reunión dos nenos e nenas de 6º en Paradela, onde, a través de metodoloxías activas, afondamos nos proxectos de centro, aproveitando os recursos didácticos e audiovisuais dos que alí dispoñemos: estudo de radio, estudo de televisión, construcións xigantes, Legos, recuncho de teatro, charca, laboratorio...).
- A biblioteca organiza actividades para o fomento da lectura e a participación das familias, destacando: Contacontos no día das Bibliotecas Escolares, Teatro no Samaín, Pícnic Literario coas familias polo Día do Libro, Teatro coas familias no día das Letras Galegas...
- Cambio da biblioteca para a escola de San Tomé no 2015 e para a escola de Paradela no 2023. Ampliación da galería no 2024.
- Apertura polas tardes (mércores de 16:00 a 18:00), grazas á implicación de todo o claustro de profesores e profesoras.
- Novos andeis máis accesibles.
- Forrado, catalogación e etiquetado de toda a colección (uns 2800 documentos actualmente) en Meiga, incluíndo os fondos das aulas e os xogos lóxicos.
- Revisión da catalogación.
- Posta en circulación, todos os anos, das mochilas viaxeiras e dos “libros que van e veñen”.
- Préstamos ás aulas.
- Creación das contas de Pinterest e X (Twitter) da biblioteca, para dar a coñecer nas redes os nosos fondos documentais, actividades, axenda...
- Realización de vídeos protagonizados por Rabuñoso, Máxica, Naturizo... para

introducir ou desenvolver os PDI.

- A biblioteca participa en programas como Radio na biblio, Lectura e Familias e Biblioteca Creativa.
- Bolsas de tea para todo o alumnado, que se usan para a actividade dos “libros que van e veñen” e tamén para o préstamo na biblioteca os mércores pola tarde.

2. OBXECTIVOS DA BIBLIOTECA E DO SEU EQUIPO

1. Adaptar espazos e mobiliario para conseguirmos unha biblioteca inclusiva e accesible, e configurada como laboratorio creativo de aprendizaxes.
2. Realizar traballo técnico: selección, ordenación, catalogación e etiquetado dos fondos.
3. Organizar e desenvolver as accións previstas no Plan de Lectura: Hora de ler, Libros que van e veñen, Mochilas viaxeiras...
4. Presentar ao alumnado un amplo abano de actividades para o fomento da lectura ou achegamento á mesma.
5. Tomar as medidas precisas en canto a organización e dotación da biblioteca, que permitan o seu funcionamento como laboratorio creativo de aprendizaxes.
6. Diseñar accións que permitan ao alumnado traballar a información en diversos soportes e formatos.
7. Elaborar e desenvolver o PDI do centro.
8. Desenvolver o proxecto “Xuntanzas na biblio”.
9. Dinamizar os proxectos nos que está inmersa a biblioteca: Radio na biblio, Lectura e familias...
10. Procurar a implicación da comunidade escolar (sobre todo familias) nas actividades da biblioteca, informando das actividades, servizos e recursos.

11. Manter actualizadas a páxina web e as redes sociais da biblioteca.
12. Diseñar e desenvolver actividades de formación de usuarios, tanto para o alumnado como para as familias.
13. Identificar logros, dificultades e necesidades (avaliación) para mellorar o funcionamento e servizos da biblioteca, afondando no concepto de biblioteca inclusiva.

3. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Grazas á nova ubicación da biblioteca en Paradela e á súa ampliación, podemos dar cabida nela tanto aos recursos vencellados ao laboratorio creativo de aprendizaxes (croma, pizarra dixital, tablets, construcións -lego, ladrillos xigantes...-, xogos manipulativos, laboratorio, recuncho para dramatizacións) como á colección, permitindo unha mellor distribución e procurando seguir camiñando cara unha biblioteca inclusiva e máis accesible para o noso alumnado de Infantil. Neste mesmo lugar desenvolvemos o proxecto de Xuntanzas na biblio, que supón a reunión dos nenos e nenas de 6º das diferentes escolas do CRA todos os venres, facendo uso dos recursos do laboratorio creativo de aprendizaxes, e incluíndo a gravación dos programas de Radio na biblio (lembrems que temos o estudo de radio nunha auliña pegada á biblioteca). Por outra banda, o equipo de apoio á biblioteca ten como un dos seus cometidos avanzar na xestión de catalogar e etiquetar os fondos, da biblio central e das diferentes bibliotecas de aula.

Recursos na biblioteca:

- Ordenador de sobremesa para catalogación e rexistro.

- Multifunción para imprimir etiquetas e outras xestións.
- 4 tabletas para uso do alumnado.
- Pizarra dixital e canón proxector.
- Altavoces, mesa pequena de son, ordenador portátil.
- Tarima no chan.
- Espello grande nunha das paredes.
- Estores para os ventanais.
- Croma e focos.
- Soporte no teito, enrolable, para o croma.
- Camara de vídeo.
- Novo mobiliario para o traballo por recunchos (espazos de lectura, laboratorio, teatro, construcións, manualidades, xogos lóxicos).
- Visor de documentos.
- Charca no patio, para obsevación de flora e fauna.
- Estudo de radio (mesa de son, micros, cascos, lector de cd, ordenador portátil, cableado, espuma para as paredes...)
- Teatriños para títeres.
- Disfraces.
- Xogos de construción: lego, ladrillos xigantes, kapla...
- Xogos lóxicos.
- Material diverso para manualidades e arte.

Servizos da biblioteca:

- Aberta a toda a comunidade escolar os mércores de 16:00 a 18:00.
- Servizo de préstamo, cun amplo catálogo de preto de 3000 títulos, sobre todo libros

infantís.

- Sección de libros para familias (adultos) sobre o desenvolvemento do neno, saúde, psicoloxía, pedagogía, metodoloxías innovadoras...
- Atención á diversidade: na biblioteca temos libros con pictos, libros con letras maiúsculas, libros de realidade aumentada...
- Acceso a parte dos fondos a través de Pinterest (Biblioteca CRA de Meis), onde se atoparán diversos taboleiros ordenados por materias.
- Acceso á totalidade do catálogo a través de Opac Meiga.
- A biblioteca pon a disposición da comunidade escolar o uso dos seus recursos en canto centro creativo de aprendizaxes.
- Pódense consultar as actividades da biblioteca, novidades, programas de RabuRadio... na páxina web do centro e nas redes sociais (Facebook, Biblio CRA de Meis en X-Twitter).

Difusión da información

O equipo de apoio á biblioteca será o principal encargado (tamén o resto do profesorado) de promocionar e difundir todas as accións do centro encamiñadas ao fomento da lectura, así como de publicitar os recursos e servizos ofertados pola biblioteca escolar. Esta promoción farase tanto en papel impreso como a través das ferramentas dixitais, empregando a páxina web do centro e as diversas redes sociais das que dispón o CRA, e máis en concreto a biblioteca: Facebook, X (Twitter), Pinterest...

Responsable da biblioteca

Pese a que o funcionamento eficaz da biblioteca escolar é labor de todo o profesorado do

centro, resulta imprescindible a presenza dunha persoa responsable, tendo en conta a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito. As funcións do/da responsable da biblioteca escolar son:

- ✓ Dirixir a elaboración do Plan de Lectura (en colaboración coa CCP).
- ✓ Elaborar o Plan de Biblioteca.
- ✓ Elaborar o Plan Anual de Lectura e o Plan Anual de Biblioteca.
- ✓ Complementar anualmente as solicitudes de PLAMBE e dos programas de bibliotecas nos que esté inmerso o centro: Radio na Biblio, Lectura e familias, Biblioteca creativa...
- ✓ Elaborar as memorias e enquisas finais de PLAMBE e dos programas de bibliotecas nos que participa o centro.
- ✓ Realizar (coa colaboración do equipo de apoio) o tratamento técnico dos fondos: seleccionar, mercar, organizar, clasificar, catalogar, etiquetar...
- ✓ Informar ao claustro das actividades de biblioteca e integrar as súas suxestións.
- ✓ Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- ✓ Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio e o resto do profesorado.
- ✓ Presentar propostas e actividades de fomento da lectura, de desenvolvemento do PDI, de formación de usuarios, de dinamización cultural do centro...
- ✓ Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
- ✓ Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.
- ✓ Formar parte da Comisión de Biblioteca no Consello Escolar, establecendo a orde do día das súas reunións e actuando como secretario/a.

Equipo de apoio

Formado por un grupo de profesoras e profesores do centro, traballarán en coordinación co responsable da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. As funcións dos integrantes do equipo de biblioteca son:

- ✓ Apoiar ao responsable da biblioteca na súa organización e dinamización, desenvolvendo así as funcións que se lle encomendan á biblioteca escolar.
- ✓ Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, coa fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- ✓ Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- ✓ Realizar (en coordinación coa persoa responsable da biblioteca) o tratamento técnico dos fondos: seleccionar, mercar, organizar, clasificar, catalogar, etiquetar...
- ✓ Establecer criterios, xunto coa persoa responsable, para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- ✓ Recoller propostas e suxestións do profesorado e do alumnado coa fin de mellorar as intervencións e colaborar no desenvolvemento da competencia lectora ou achegamento á lectura e das habilidades de traballo intelectual.

Coordinación e participación do profesorado

A coordinación de todo o profesorado é esencial para manter unha biblioteca viva e permanentemente activa. Ademais do equipo de apoio, suficiente en número de compoñentes e horas, a biblioteca debe contar co apoio entusiasta do equipo directivo. Deben existir momentos establecidos para reunirse entre eles, e tamén cos outros equipos pedagóxicos a fin de coordinar os diversos proxectos de centro.

Implicación das familias e o entorno

A participación activa das familias é crucial para conseguir os obxectivos principais deste documento. Aquí entrarían actividades como as Mochilas viaxeiras e os Libros que van e veñen. Tamén outras actividades que se proporán para a celebración do día das bibliotecas ou o día do libro... e a dos padriños lectores. Por outra banda, como centro social e cultural do CRA, na biblioteca pódense presentar actuacións, charlas ou obradoiros destinados ás familias e/ou ao alumnado. Ademais débense contemplar outras posibles colaboracións: con asociacións veciñais, culturais, musicais ... do contorno; coa biblioteca municipal, o Concello de Meis...

Horario de apertura

O noso é un centro de características especiais: un CRA (Colexio Rural Agrupado) formado por seis escolas e sete aulas. A biblioteca atópase na escola de Paradela, polo tanto en horario lectivo só esta aula podería facer uso da biblioteca, por canto as demais sitúanse a varios quilómetros de distancia. Sen embargo, a biblioteca está sempre dispoñible en horario lectivo para o profesorado. O horario de apertura da biblioteca para alumnado e familias é os mércores de 16:00 a 18:00.

4. CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES

A nosa biblioteca funciona como “laboratorio creativo de aprendizaxes”: zona de lectura, área de producións plásticas, recuncho de teatro e disfraces, zona de xogos visoespaciais e de construción, caixóns de xogos lóxicos, mini-laboratorio, estudo de

televisión (croma e focos), e estudo de radio.

5. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A biblioteca propón, coordina ou participa en todos os programas e proxectos dos que forma parte o centro. Un que ten moita relevancia é o Proxecto Documental Integrado (PDI), base para o traballo curricular e o desenvolvemento das competencias clave para o noso alumnado. A partir dunha temática concreta (ou varias durante o curso), o PDI permite traballar todos e cada un dos obxectivos, contidos e competencias clave marcados na nosa programación. Na preparación e desenvolvemento do PDI a biblioteca e as súas mascotas cumpren un labor fundamental, propoñendo actividades e servindo de motivación para o alumnado.

Adquisición da competencia informacional (incluída na actual competencia dixital)

As competencias informacional e dixital (TICs) desenvolveranse a través das diferentes buscas de información, dos nosos estudos de radio e televisión, as cámaras, o uso das tabletas e ordenadores...

6. FORMACIÓN DE PERSOAS USUARIAS

É imprescindible realizar actividades de formación de usuarios, tanto para o alumnado como para as familias. Os fondos documentais colócanse nos andeis seguindo uns criterios; levan unhas etiquetas que indican a súa ubicación e a materia principal da que

tratan... Para que todos os usuarios poidan acceder facilmente á información, deben saber cales son eses criterios e familiarizarse cos andeis, as etiquetas e a CDU.

7. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE LECTURA

En cada escola contamos cunha biblioteca de aula, cos fondos catalogados e centralizados no Meiga. Isto permite que o alumnado teña acceso permanente a libros e material documental, favorecendo prácticas lectoras ou pre-lectoras. Ademais, cada titoría acode á biblioteca central en busca de préstamos que van renovando cada certo tempo, e que utilizan tanto para a “Hora de ler” como para a actividade “Libros que van e veñen”.

Como parte do Plan de Lectura, cómpre destacar as seguintes actividades:

- ★ *Hora de ler.* Temos establecido un tempo diario á lectura en grupo nas aulas. As titoras adaptan esta actividade ao momento do día que consideran máis axeitado. Pode ser na asemblea, antes ou despois do recreo, antes da saída...
- ★ *Libros que van e veñen.* Funciona dende o curso 2014-2015. Unha vez por semana, os nenos e nenas levan un conto para casa. Deste xeito promovemos a participación das familias, e que na casa lles lean, polo menos, un conto á semana.
- ★ *Mochilas viaxeiras.* Tamén funcionando dende hai anos. A mochila lévaa cada alumno durante unha semana ou dúas. Contén libros de diferentes seccións, música, vídeo... unha mascota e un caderno onde o alumnado e as familias nos contan como foi a experiencia coa mochila e a mascota. Á volta o alumnado explica aos compañeiros que aventuras viviron, que contos leron...

Por outra banda, no proxecto “Xuntanzas na biblio” trabállase a miúdo a partir de contos, realizando manualidades, xogos, representacións de teatro, contando o conto na radio...

As obriñas de teatro preparadas polos mestres e/ou as familias para o alumnado tamén son unha excelente actividade para o fomento da lectura entre a cativada.

Outras accións serían os “Itinerarios lectores”, “As familias contan nas aulas”, “Poesía para as árbores” ou o “Pícnic Literario”.

8. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE ESTÁ INMERSO O CENTRO

PLAMBE, Radio na biblio, Lectura e familias, Biblioteca Creativa, Proxecto Ríos, Voz Natura, Contratos Programa, PFPP...

9. BIBLIOTECA ESCOLAR: FACTOR DE COMPENSACIÓN SOCIAL E CULTURAL

A biblioteca escolar ten que ser o centro cultural do colexio, e ten que ser accesible a toda a comunidade educativa, ou incluso máis alá, accesible a toda a poboación, actuando como unha biblioteca ou centro cultural de proximidade. É unha fiestra ao exterior para todos (independentemente de que na casa se teña ou non conexión a internet, por exemplo) que integra as tecnoloxías da información e a comunicación, de xeito que accedemos aos recursos presentes (materiais impresos, audiovisuais e multimedia) e tamén aos que se atopan en liña: bibliotecas virtuais, páxinas web, redes sociais.... A biblioteca escolar é ademais un “laboratorio creativo de aprendizaxes” aberto a toda a comunidade educativa. Alumnado, profesorado e familias poden atoparse para pensar, investigar, deseñar, facer, construír e aprender xuntas, na liña dos makerspaces ou dos laboratorios de ideas; e caben todo tipo de linguaxes (oral, escrita, icónica, audiovisual, artística...) que posibilitan ao alumnado múltiples oportunidades de aprendizaxe, de expresión e de creación. A biblioteca escolar ten que ser inclusiva, atendendo á diversidade do alumnado, aportándolle a cada un deles os materiais que precisan de acordo coas súas necesidades, intereses, competencias, procedencia... Ademais debe cumprir unha función normalizadora, visibilizadora, sensibilizadora, respectuosa e de trato

igualitario, de apoio e comunicación adaptada, coñecedora das diferentes necesidades. Polo tanto, a biblioteca escolar compensa as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e das familias, ao pór á súa disposición recursos e materiais actualizados e adaptados de calidade.

10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Criteria de avaliación:

- Partir do recoñecemento da biblioteca que temos e do uso que facemos dela.
- No seu caso, que a avaliación sirva para replantexar proxectos, servizos e usos.
- Comprobar o nivel de axuste da biblioteca ás necesidades do noso centro: un CRA (aulas dispersas) con alumnado de segundo ciclo de Infantil.
- Verificar o grao de cumprimento do programado. Importancia da innovación.
- Ter en conta non só o produto final, senón tamén o proceso.
- Mantermos actualizados e dispostos a aprender do traballo doutras bibliotecas escolares. Isto permitirá ampliar o noso campo avaliativo, e responder non só a “como o fixemos?” senón tamén a “como o podemos facer?” para mellorar.
- Recoller información por diversas vías, e facer unha análise non só da fotografía actual da biblioteca, senón da evolución ao longo dos últimos cursos.
- Contrastar aspectos fundamentais como: a accesibilidade (espazo, equipamento, horario), a visibilidade (sinalización, blog ou páxina web, publicación de novidades, guías de lectura, exposicións...), o apoio ao centro e á comunidade educativa, o análise de necesidades e oferta de servizos, a adecuación dos recursos documentais, a coordinación pedagóxica, o fomento

da lectura, a implicación na competencia dixital e informacional...

Procedementos ou ferramentas de avaliación: (Recollida de información a través de:)

- Follas de traballo: O equipo de biblioteca elaborará unhas “follas de traballo” onde, a través de diversas preguntas, respostaremos a aspectos fundamentais citados no último parágrafo dos criterios de avaliación. Para isto tomaremos como referencia a obra “Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?”.
- Enquisas ao profesorado e ás familias: Constan de preguntas con indicadores para valorar o funcionamento e implicación da biblioteca na vida do centro.
- Conversas directas coas familias, suxestións, consellos...
- Reunións oficiais: aspectos tratados nas reunións do equipo de apoio, claustros, consello escolar, comisión de biblioteca, CCP...

Indicadores: Nas “follas de traballo” que elaboraremos para a avaliación, deixaremos constancia de como estamos facendo as cousas. Deseñado en táboas, para cada un dos aspectos a tratar, poderemos formularnos varias preguntas, ás que respostaremos “si / non”, ou, no seu caso, “deficiente / limitado / bo / excelente”.

A avaliación, en definitiva, ten que servir para suscitar un proceso de análise compartida e unha reflexión baseada en preguntas para mellorar o labor da biblioteca escolar e os procesos educativos do centro.